

INFORME

Asunto: Informe sobre a valoración da proposta económica (sobre nº 2) do servizo de seguridade da estación de autobuses

O día 4 de abril de 2018 a mesa de contratación procedeu á apertura do sobre nº 2 (proposición económica) do concurso do servizo de seguridade da estación de autobuses de Santiago de Compostela, co seguinte resultado:

LICITADOR	Proposta económica
GRUPO4S PROTECCIÓN Y CUSTODIA, SL	81.888,55
SALZILLO SEGURIDAD, SA	77.032,02
SERVECO SEGURIDAD, SL	73.803,00

O artigo 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación da prestación do servizo de seguridade da estación de autobuses sinala que *“os interesados incluirán tamén a seguinte documentación:*

- *Estudio económico detallado que permita garantir a viabilidade económica da proposta, non debendo ser este un documento xenérico, senón unha precisa análise dos custos do contrato no que se recollan especialmente os custos salariais individualizados, coa finalidade de confirmar o cumprimento dos convenios colectivos de aplicación. Deberán indicar o convenio colectivo de aplicación.*

A non presentación desta documentación ou a falta de viabilidade do servizo que se derive da análise do estudio económico, en relación á consideración da oferta como anormal ou desproporcionada, de acordo co recollido no apartado 10.3 deste prego, será causa de exclusión da licitación.”

Como se pode observar neste artigo a intención é a de garantir que as ofertas presentadas cumpren coas obrigas salariais impostas polo convenio colectivo de aplicación, neste caso o convenio colectivo estatal de empresas de seguridade.

Polo tanto, antes de entrar a valorar a oferta presentada polas empresas e o seu estudo de custes, analízanse os custes salariais mínimos que deberán cumprir as empresas.

ANÁLISE DOS CUSTES SALARIAIS E DE SEGURIDADE SOCIAL ESTABLECIDOS POLO CONVENIO COLECTIVO DE APLICACIÓN

O convenio colectivo de aplicación ao servizo é o convenio colectivo nacional do sector da seguridade privada e está establecida a obriga de subrogación dos traballadores que actualmente prestan o servizo.

O servizo consiste en vixiar a estación de autobuses todos os días do ano dende ás 22.00 horas ata ás 6.00 horas cun vixiante sen arma durante dezoito meses, supoñendo un total de 4.384 horas de servizo, distribuídas en 9 meses durante o ano 2018 e outros 9 meses durante o ano 2019. Durante o ano 2019 está establecida unha subida salarial do 2% segundo o artigo 47 do convenio.

A xornada anual establecida no convenio colectivo estatal de empresas de seguridade é de 1.782 horas anuais (artigo 52), polo tanto o número de traballadores necesarios para prestar o servizo é de 1,64.

Ademais, as empresas deben subrogar aos seguintes traballadores:

TRABALLADOR	ANTIGÜIDADE	CONTRATO	% XORNADA	SALARIOS	COMPLEMENTOS
Vixiante de seguridade	01/01/2006	Indefinido	50%	Convenio	
Vixiante de seguridade	01/11/2004	Indefinido	100%	Convenio	Plus perigosidade VS explosivos x 15

CUSTES SALARIAIS

A estrutura salarial para os vixiantes de seguridade, segundo recolle o artigo 40 do convenio, é a seguinte:

- a) Soldo base
- b) Complementos:
 - Antigüidade
 - Perigosidade
 - Plus de traballo nocturno
 - Plus de fin de semana e festivos
 - Plus de noiteboa e/ou noitevella
- c) De vencemento superior ao mes:
 - Gratificación de nadal
 - Gratificación de xullo

- Gratificación de marzo
- d) Indemnizacións ou suplidos:
 - Plus de distancia e transporte
 - Plus de mantemento de vestiario

Soldo base

En base ao sinalado anteriormente (1,64 traballadores) e nove meses no ano 2018 e nove meses no ano 2019, o importe do salario base, durante a vixencia do contrato, é:

Ano	Importe mensual	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	926,40	1,64	9	13.673,66
2019	944,93	1,64	9	13.947,17
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO				27.620,83

Antigüidade

O artigo 42 do convenio colectivo establece que a antigüidade devengarase por quinquenios, polo que os traballadores a subrogar teñen unha antigüidade de dous quinquenios.

Ano	Importe mensual	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	73,90	1,50	9	997,65
2019	75,38	1,50	9	1.017,63
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO				2.015,28

Perigosidade

O artigo 43. 3 do convenio colectivo establece que todos os vixiantes de seguridade terán un plus de perigosidade mínimo que será maior nos casos de vixiantes con arma, vixiantes de explosivos, etc. Neste contrato un dos traballadores ten consolidado o plus de perigosidade de vixiante de explosivos.

O plus para o traballador que o ten consolidado é:

Ano	Importe mensual	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	167,97	1,00	9	1.511,73
2019	171,33	1,00	9	1.541,97

TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO	3.053,70
--------------------------------------	-----------------

O resto de traballadores terían o seguinte custe:

Ano	Importe mensual	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	19,22	0,64	9	110,71
2019	19,60	0,64	9	112,90
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO				223,61

Plus de traballo nocturno

Todo o servizo se presta en traballo nocturno. Polo tanto, a retribución por dito concepto é a seguinte:

Ano	Importe hora	Nº horas anuais	Total ano
2018	1,01	2.200	2.222,00
2019	1,03	2.184	2.249,52
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO			4.471,52

Plus de fin de semana e festivos

O convenio colectivo establece un plus por hora traballada en sábados, domingos e festivos. Para a estimación das horas realizadas en ditos días tivéronse en conta os sábados, domingos e festivos existentes durante o ano 2018 e 2019, durante o período estimado de vixencia do contrato.

Os días estimados para cada ano son os seguintes:

	Ano 2018	Ano 2019
Sábados	40	39
Domingos	38	39
Festivos	11	9

Polo tanto, o número de horas e o importe aboar por este concepto é:

Ano	Importe hora	Nº horas anuais	Total ano
-----	--------------	-----------------	-----------

2018	0,81	712	576,72
2019	0,83	696	577,68
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO			1.154,40

Plus de noiteboa e/ou noitevella

O artigo 44.b do vixente convenio colectivo establece un plus para aqueles traballadores que realicen o servizo a noite do 24 ao 25 de decembro e a do 31 de decembro a 1 de xaneiro.

Neste contrato realizarase unha vez as dúas noites, polo que deberá aboarse un plus de 67,26 € para a noite do 24 ao 25 de decembro e 68,61 € pola noite do 31 de decembro ao 1 de xaneiro.

Conceptos de vencemento superior ao mes (gratificacións extraordinarias)

Neste apartado inclúense as gratificacións de xullo, nadal e marzo. Nestas gratificacións aboaranse os conceptos de salario base, antigüidade e plus de perigosidade.

Como existe un traballador cun plus de perigosidade de explosivos consolidado diferénciase ese traballador do resto.

O importe a abonar durante toda a vixencia do contrato ao traballador co plus de perigosidade é:

Ano	Prorrateo mensual extra	Nº pagas	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	97,36	3	1,00	9	2.628,72
2019	99,30	3	1,00	9	2.681,10
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO					5.309,82

Para o resto de traballadores necesarios para prestar o servizo o importe é:

Ano	Prorrateo mensual extra	Nº pagas	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	84,96	3	0,64	9	1.468,11
2019	86,66	3	0,64	9	1.497,48
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO					2.965,59

Plus de distancia e transporte

O artigo 46.a do convenio establece unha compensación polo custe de desprazamento dos traballadores do seu domicilio ao seu lugar de traballo. O importe deste complemento é:

Ano	Importe mensual	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	109,94	1,64	9	1.622,71
2019	112,14	1,64	9	1.655,19
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO				3.277,90

Plus de mantemento de vestiario

O artigo 46.a do convenio establece unha compensación polo custe de mantemento do uniforme de traballo. O importe deste complemento é:

Ano	Importe mensual	Traballadores	Nº meses	Total ano
2018	89,57	1,64	9	1.322,05
2019	91,36	1,64	9	1.348,47
TOTAL DURANTE TODO O CONTRATO				2.670,52

En base ás explicacións de cada uno dos complementos establecidos no convenio, os custes salariais mínimos para cumprir coas obrigas que establece a normativa son:

Concepto	Importe
Soldo base	27.620,83
Antigüidade	2.015,28
Perigosidade traballador consolidado	3.053,70
Perigosidade resto traballadores	223,61
Plus de traballo nocturno	4.471,52
Plus de fin de semana e festivos	1.154,40
Plus de Noiteboa y/ou noitevella	135,87
Gratificacións extraordinarias traballador co plus perig	5.309,82
Gratificacións extraordinarias resto traballadores	2.965,59
Plus de distancia e transporte	3.277,90
Plus de mantemento de vestiario	2.670,52

TOTAL CUSTE SALARIAL	52.899,04
-----------------------------	------------------

SEGURIDADE SOCIAL

Se aplicamos esa porcentaxe aos custos salariais mínimos calculados para o servizo (52.899,04€), o importe de seguridade social debería ascender a 17.774,08 €.

En base a isto os custes de salarios e seguridade social ascenden a 70.673,12 €.

Unha vez establecidos os custes salariais e de seguridade social mínimos analízanse as estruturas de custes presentadas por cada unha das empresas para comprobar se garanten, coa súa oferta, o abono de ditos salarios.

GRUPO4S PROTECCIÓN Y CUSTODIA, SL

Esta empresa non presenta unha estrutura de custes propiamente dita, xa que soamente presenta dous parágrafos e unha táboa.

No primeiro sinala que *“O custe salarial dos traballadores que interveñen no servizo, está calculado de acordo ao **Convenio Colectivo Estatal de las Empresas de Seguridad ...**”*

No segundo di que *“En consecuencia, mensualmente, para o presente exercicio 2018, ademais da parte proporcional dos costes asociados a garantía definitiva e os gastos de publicación, o custe laboral do **servizo de seguridade da estación de autobuses de Santiago de Compostela**, segundo o establecido polo mencionado convenio, resultaría dos seguintes datos salariais, asociados a cada uno dos dous traballadores asignados ao servizo”.*

Posteriormente presenta a táboa na que figuran os custes salariais mensuais, por concepto, de cada un dos traballadores subrogados incluíndo conceptos salariais que non teñen unha periodicidade mensual (coma o plus de Nadal), polo que nin multiplicando todos os conceptos por 18 meses obteríamos os custes salariais totais.

Cos datos presentados é imposible deducir os custes que asumirá Grupo4s Protección y Custodia, SL pola prestación do servizo de seguridade da estación de autobuses, xa que non presenta os custes que asume do servizo e do que presenta e imposible deducir os custes salariais.

É certo que non presenta unha estrutura de custes que permita deducir os importes dos custes que deberá facer fronte a empresa, pero o importe da súa oferta (81.888,55 € + IVE) cubre sobradamente os custes salariais mínimos nos que debe incurrir para a prestación do

servizo, dispoñendo dunha marxe de 11.215,43 € para o abono do resto de custes do servizo e o beneficio industrial.

Das ofertas presentadas é a que presenta unha maior diferenza entre a súa oferta e os custes salariais polo que coa súa oferta cubriría os custes do servizo sen ningún tipo de problema.

Tendo en conta o que antecede a súa oferta debe ser considerada viable economicamente.

SALZILLO SEGURIDAD, SA

Esta empresa presenta a seguinte estrutura de custes:

Concepto	Importe
Pago publicación e amortización materiais	1.050,00
Custes de persoal (incluíndo seguridade social e absentismo)	72.438,98
Consumibles (incluíndo uniformidade)	615,90
Outros custes (formación)	822,74
Custes xerais e de estrutura	821,42
TOTAL CUSTES	75.496,26
Beneficio industrial	1.536,06
IMPORTE OFERTA SEN IVE	77.032,32

Nesta estrutura de custes existe un pequeno erro xa que o total de custes non é 75.496,26 €, como indica Salzido Seguridad, SA, senón que o importe dos custes ascende a 75.749,04 €. Esta diferenza probablemente se debe a un erro ao proceder á suma dos custes, pero é unha diferenza pequena (252,78 €) que pode ser asumida polo beneficio industrial sen ningún tipo de problema.

Como se pode observar, dita estrutura de custes cubre o importe mínimo dos custes salariais dispoñendo dunha marxe de 1.765,86 € que lle permitiría cubrir calquera incidencia que se producise.

En base ao indicado, a oferta presentada por esta empresa é viable economicamente.

SERVECO SEGURIDAD, SL

En relación á viabilidade económica desta empresa remítome ao informe de 11 de maio de 2018 no que se analiza a viabilidade da oferta presentada e no que se considera que é viable economicamente.

Polo tanto, ao ser o único criterio de adxudicación o prezo e, a xuízo de quen informa, ser as ofertas presentadas viables economicamente, débese concluír que a empresa **SERVECO SEGURIDAD, SL** é a que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, cunha proposta económica que ascende a 73.803,00 € máis o IVE.

Para o caso de que a Mesa dea por ben motivado o presente informe, procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que a empresa **SERVECO SEGURIDAD, SL** presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar,

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

*O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,*



Asdo./ Antonio Padín Tuimil